

BLOQUE 3.- DESENVOLVEMENTO E EVOLUCIÓN DA ARTE EUROPEA NO MUNDO MODERNO

RENACEMENTO EN ESPAÑA. A ARTE ESPAÑOLA EN TEMPOS DE FELIPE II. O ESCORIAL E O GRECO



Contexto histórico

Arquitectura:

OBRAS:

- O Escorial

Pintura: O Greco

OBRAS:

- O martirio de San Mauricio
- O enterro do Conde de Orgaz
- A adoración dos pastores

CONTEXTO

- Renacemento xorde en Italia pero se estende pro toda Europa desde o século XVI
- **O Renacemento en España é complexo** xa que conviviu coas formas góticas e mudéxares. O estilo introdúcese porque a nobreza o admira, mentres que a Igrexa, máis conservadora, segue fiel ao Gótico.
- **Neses momentos, finais do XV, España está unificada** desde o matrimonio dos RRCC.
- **Renacemento está ligado a eles** e aos seus logros como a expulsión dos musulmáns, a unificación, a protección das artes e da cultura...
- A economía **española baseábase na agricultura e na gandería** (A Mesta).

- Socialmente é a **nobreza a que detenta o poder económico e os monarcas a autoridade.**
- En España non existe o sistema de repúblicas independentes como en Italia ou Alemaña. Isto explica que **os clientes da arte sexan os máis poderosos: a Corte, a Igrexa e a nobreza.** Nobres como os Mendoza ou os Fonseca, influídos polas ideas humanistas ou encargos da **monarquía** como o *Hostal dos RRCC*, o *Pazo de Carlos V* son exemplo disto
- En xeral a actividade construtiva **foi intensa e variada** (hospitais, universidades, mansións...) cun certo **auxe da construción civil.**
- **Ao final a arte renacentista acaba tendo éxito en España** grazas aos **gravados, á imprenta e ás viaxes dos artistas españois cara a Italia** e saídas dos italianos fóra.

Desde o **punto de vista artístico** podemos distinguir dous grandes períodos:

- ✓ De 1500-1560 reinado de Carlos V
- ✓ Desde 1560 a 1600 reinado de Filipe II /

COMENTARIO

OBRA: Mosteiro de San Lorenzo do Escorial

AUTOR: Juan Bautista de Toledo ata 1567 e Xoán de Herrera

CRONOLOXIA: 1563-1583

ESTILO: **arquitectura herreriana ou escurialense. Renacemento español**

Renacimiento español. Manierismo español

COMITENTE: Filipe II



Filipe II é o monarca que encarga este edificio como **agradecemento pola vitoria española na Batalla de San Quintín** contra os franceses. **O propio monarca ten un papel destacado** na construción: colaborou e revisou continuamente o desenvolvemento das obras. Está construído na Serra do Guadarrama e está dedicado a San Lourenzo, xa que a batalla foi ese día.

Esta obra é o mellor exemplo do que foi **a Contrarreforma católica.**

Que quería Filipe?? quería construír un edificio onde:

1. Vivir, é dicir un pazo
2. orar e estudar , é dicir un mosteiro e unha biblioteca
3. e descansar é dicir un panteón familia real

Estamos ante unha **obra monumental e propagandística**. Unha obra de **exaltación da monarquía española**

AUTORES E INFLUENCIAS:

En realidade podemos falar de tres autores:

1. **o propio Filipe II** cunha **sólida formación intelectual**. Preparado en arquitectura, estaba moi interesado polos estudos mitolóxicos, pola ciencia da súa época... Todo isto reflíctese na interesante biblioteca que se conserva no Escorial.
2. **Juan de Herrera, substitúe a Bautista de Toledo (colabora con Miguel Anxo no Vaticano)**, era un arquitecto **versado en arquitectura e en astroloxía e ocultismo** (maxia e ciencia unidas) escribiu algunhas obras nas que diserta **sobre as propiedades máxicas do cubo**, símbolo da sabedoría.
3. **O bibliotecario Arias Montano** encargado polo rei da Biblioteca extraordinaria do Pazo. Era un **home dunha gran formación humanística**.

Material

O material utilizado é **granito en sillares e pizarra**

Exterior, Alzado.

É unha mole de 206 metros de fachada por 161 de fondo.

Observamos


- Ten **forma cúbica**, con catro lados rematados por **torres con tellados en chapitel**. Cubertos con lousa
- As fachadas están recorridas por **catro fileiras de ventás**, separadas por unha **pequena cornixa** e unha grande cornixa de remate.
- As **ventás das bufardas forman outra liña horizontal** nos tellados.
- Predominan **as formas horizontais**:
- Nas esquinas **catro torres** rachan algo esa horizontalidade **o mesmo que a cúpula da igrexa**
- Os tellados teñen cubertas en chapitel, de pizarra, elemento característico da arquitectura madrileña posterior.

Este **exterior é sobrio** o cal é a característica dun estilo que se denominou dende entón **herreriano ou escurialense e que será imitado**. Ante estas características o Escorial podemos definilo como:

- ✓ **Austero**
- ✓ **Sólido**
- ✓ **Hermético**
- ✓ **Monótono**



O únicos elementos decorativos son E só as **bolas e pináculos** alivian a monótona construción dándolle sentido de inestabilidade.



Planta

É un rectángulo de 200 por 160 onde todo está organizado arredor de patios.

- **No eixo central:** está a Igrexa e o Patio dos Reis.
- **Hai catro patios** e os dous de diante divididos en outros catro

EIXO CENTRAL

1. A **Igrexa** inspirada nas obras de Bramante. Arredor están as dependencias do pazo. É o punto neuráxico do Escorial e baixo o altar está o Panteón Real. Ocupa parte importante do edificio e a súa cúpula sobresa e no exterior. **É de cruz grega inscrita nun cadrado pero con nartex na entrada.**
2. **Patio dos Reis**
diante da Igrexa e arredor están as dependencias do mosteiro e biblioteca.

3. **Estancias reais:** sobresaen da cabeceira da igrexa e dálle a planta a característica forma de grella. *Para moitos a forma da planta é similar a dunha grella onde foi martirizado san Lourenzo.*
4. **Fachada.** No medio desta monotonía **destaca a fachada:**

- Ten **oito columnas dóricas-toscanas** que sosteñen un corpo máis pequeno con **catro columnas xónicas adosadas** e un frontón triangular.
- Usan a **orde xigante con remates en pináculos.** Isto é prebarroco. Tamén é barroca esta parte superior que sobrepasa o tellado.
- Esta entrada permítenos acceder ao Patio dos Reis.; é dicir a entrada **lévanos a un espazo baleiro o cal é un trazo manierista.**



PATIOS PRINCIPAIS

Dentro desta monumental construción destacan dous espazos: O patio dos Reis e o Patio dos Evanxelistas

a) Patio dos Reis (*Pode que poñan esta imaxe*)

Entre as partes máis significativas do edificio está o Patio dos Reis. A el asómase a **fachada da igrexa**. Chámase Patio dos Reis por que as estatuas que están na fachada son 6 reis de Xudá. Aparecen **David ou Salomón** entre outros. Son do escultor MONEGRO e decoran a cornixa da fachada.

Unha fachada que é:

- Sobria, con orde xigante e remate en frontón e bolas
- A fachada está flanqueada por dúas torres de base cadrada



b) Patio dos Evanxelistas xa de 1593

Foi feito por Bautista de Toledo. **É moi sobrio.**

Dous pisos.

Ten forma cadrada, é un claustro, e está rodeado por **arcadas de medio punto separadas** por columnas dóricas e xónicas (superposición de ordes clásicas).

No **centro un templete inspirado en San Pietro in Montorio** que ten planta ctogonal con catro portas (obra de Herrera), e que é o **simbolo do Edén, hai unha** fonte. O Claustro sería o Xerusalén Celestial, como o paraíso de onde saen os catro ríos do paraíso. Na esquinas os catro evanxelistas.

É moi manierista.



Importante

Herrera crea neste edificio un estilo: o estilo herreriano ou escurialense. É manierismo español.

Diferenciase dos outros estilos do XVI español (plateresco e purismo) en que suprime toda decoración e concédeselle importancia aos elementos estruturais (isto facíao Vignola e Palladio en Italia). Terá gran influencia en arquitectura española posterior

Conclusión-Simbolismo

É un edificio onde a vida, imperfecta (pazo) necesita da oración (igreja) para acadar a salvación eterna (igreja-panteón). **Todo isto explica a forma e o tamaño, descomunal, para abrumar ao espectador.**

Pero ao mesmo tempo **tamén é sinxelo** (recorda, sobrio).

Esta **mestura de alarde de grandeza coa sinxeleza**, este contraste, é propio do Manierismo. Os xogos de simulación como a fachada que non nos leva a un edificio senón a un patio tamén son propios do Manierismo.

Moi importante, para rematar:

O Escorial tamén é o símbolo da nova igrexa contrarreformista, defendida por Filipe II. O Escorial é o novo templo de Salomón, o templo do novo rei sabio que é o propio Filipe II, o novo Salomón. (Por iso no Patio dos Reis aparecen esculturas dos antigos reis como David e Salomón)

---oOo---

ler

En conclusión, o mosteiro de O Escorial non foi só a obra arquitectónica máis importante da Contrarreforma católica, senón tamén a imaxe da grandeza e severidade da monarquía de Felipe II. Debemos ter en conta que cando se construíu, España era a primeira potencia económica e militar do mundo e o carácter monumental do edificio respondía ao seu esplendor. Ademais, a súa concepción estaba impregnada da nova relixiosidade que acababa de implantar o Concilio de Trento, da que Felipe II foi valedor.